

PROGRAMA VIDE EN FUTURO - AXUDAS A DEPORTISTAS VIGUESES E VIGUESAS DE BASE EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS - TEMPADA 2024/2025

-BASES DA CONVOCATORIA-

OBXECTO

O obxecto da convocatoria é a concesión de axudas a deportistas de base de Vigo en modalidades individuais que auguren unha proxección inmediata ou futura para o deporte de alta competición, acreditando un rendemento inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva federada.

FINALIDADE

Consolidar a progresión dos rendementos deportivos, destinándose a sufragar en parte os gastos ocasionados durante o período de adestramento, competicións federadas, perfeccionamento e adquisición de material técnico da tempada 24/25 (do 1 de xullo de 2024 ao 30 de xuño de 2025).

REQUISITOS BENEFICIARIOS/AS

- 1º) Estar empadroados/as en Vigo de xeito continuado como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2024.
- 2º) Nados/as dende o 1 de xaneiro de 2007.
- 3º) Ter licencia federada autonómica vinculada a unha entidade deportiva sen ánimo de lucro ou, nas modalidades deportivas con licencia nacional, tela expedida pola federación nacional correspondente.
- 4º) Competir nunha modalidade considerada individual, ben de forma individual, parella ou trío.
- 5º) Ter participado **entre o 1 de xullo de 2024 e o 30 de xuño de 2025** nalguna competición federada de ámbito estatal ou internacional incluída no listado de criterios de concesión.
- 6º) Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

CONTÍA TOTAL

Cada unha das bolsas concedidas contará cunha dotación mínima de 400 € e máxima de 800 € brutos; cun total de 20.000 € en axudas. Suxeitas á retención correspondente por lei.

INCOMPATIBILIDADE

Serán rexeitadas as solicitudes de deportistas beneficiarios das “Axudas para Deportistas de Alto Nivel da Cidade de Vigo” dinamizadas pola Concellería de Deportes para a tempada 24/25.

DOCUMENTACIÓN REQUERIDA

As solicitudes formalizaranse coa seguinte documentación:

- Formulario de datos persoais e historial deportivo, que están nestas bases (anexo I e anexo II), indicando de cada campionato a denominación, o posto acadado, a data, o lugar e o número de participantes.
- Certificado da federación correspondente de ter licencia federativa na tempada en vigor (2025/2026).
- Fotocopia do DNI do/a deportista solicitante e do/a representante legal no caso de que o/a solicitante sexa menor de idade.
- Volante de empadramento en Vigo (www.vigo.org), como mínimo dende o ano 2024
- Certificado da titularidade da conta bancaria do beneficiario/a para o ingreso do importe neto da bolsa.

CRITERIOS DE CONCESIÓN E VALORACIÓN

Para a concesión das axudas consideraranse os méritos deportivos obtidos polos/as solicitantes na tempada 2024/2025. A Comisión de Valoración observará os seguintes baremos de puntuación, tendo en conta que no caso de participar en varias probas dun mesmo campionato ou copa só se considerará a puntuación máis alta. Valoraranse coa metade dos puntos as modalidades nas que existen campionatos de segunda categoría.

No caso de empate na puntuación, a Comisión tamén considerará a seguinte orde de mellor puntuación: Mundial (sénior, sub-18 ou de menores). 2) Europeo. 3) Campionato de España. 4) Copa do Mundo. 5) Copa de Europa. 6) Copa de España. De seguir o empate, darase prioridade ao ou á solicitante que nunca recibiu axuda de VIDE.

Non se esixirá participación mínima no caso de deporte adaptado.

Non se aceptarán as solicitudes con puntuación inferior a 9 puntos.

A. CAMPIONATO DO MUNDO/XOGOS OLÍMPICOS. Pola participación **10 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-18	Menores Sub-18
Campión / Campioa	20 puntos	15 puntos
Subcampión / Subcampioa	15 puntos	10 puntos
Terceiro posto	10 puntos	6 puntos
Do 4º ao 10º posto	6 puntos	2 puntos

Mínimo para puntuar por participación: 16 participantes na proba masculina e 10 na feminina.

B. COPA DO MUNDO OU CIRCUÍTO OFICIAL MUNDIAL. Pola participación **7 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-18	Menores Sub-18
Campión / Campioa	8 puntos	7 puntos
Subcampión / Subcampioa	6 puntos	5 puntos
Terceiro posto	4 puntos	2 puntos
Do 4º ao 10º posto	2 puntos	1 punto

Mínimo para puntuar por participación: 16 participantes na proba masculina e 10 na feminina.

C. CAMPIONATO DE EUROPA. Pola participación **8 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-18	Menores Sub-18
Campión / Campioa	10 puntos	9 puntos
Subcampión / Subcampioa	8 puntos	7 puntos
Terceiro posto	6 puntos	5 puntos
Do 4º ao 10º posto	4 puntos	3 puntos

Mínimo para puntuar por participación: 16 participantes na proba masculina e 10 na feminina.

D. COPA DE EUROPA OU CIRCUÍTO OFICIAL EUROPEO. Pola participación **6 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-18	Menores Sub-18
Campión / Campioa	6 puntos	5 puntos
Subcampión / Subcampioa	4 puntos	3 puntos
Terceiro posto	2 puntos	2 puntos
Do 4º ao 10º posto	1 punto	1 punto

Mínimo para puntuar por participación: 16 participantes na proba masculina e 10 na feminina.

E. CAMPIONATO DE ESPAÑA. Pola participación na fase final de primeira categoría **5 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-18	Menores Sub-18
Campión / Campioa	5 puntos	5 puntos
Subcampión / Subcampioa	4 puntos	4 puntos
Terceiro posto	3 puntos	3 puntos
Do 4º ao 10º posto	2 puntos	2 puntos

Mínimo para puntuar: 12 participantes na proba masculina e 8 na feminina.

F. COPA DE ESPAÑA OU CIRCUÍTO OFICIAL ESPAÑOL. Pola participación **2 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-18	Menores Sub-18
Campión / Campioa	2 puntos	2 puntos
Subcampión / Subcampioa	1 puntos	1 puntos
Terceiro posto	0,5 puntos	0,5 puntos

Mínimo para puntuar: 12 participantes na proba masculina e 8 na feminina.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será do **1 ao 17 de outubro de 2025**, ambos inclusive.

A **solicitudade terá que vir cuberta a ordenador**. A solicitude e a documentación deberán enviarse de forma telemática en un só documento de pdf, na dirección de correo electrónico: **vide@vide.es**

REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse ao/á solicitante para que, no prazo improrrogable de 7 días naturais, proceda á emenda de erros ou presentación a maiores a documentación que VIDE considere necesaria. Transcorrido dito prazo sen emenda terase ao interesado por desistido da solicitude.

Haberá un prazo máximo de quince días dende a publicación das axudas para presentar calquera alegación. A Fundación VIDE resolverá no prazo dun mes, esgotando a vía administrativa.

A presentación do/a solicitante a esta convocatoria implica a total aceptación das súas bases.

PROCEDEMENTO

A Comisión de Valoración está integrada polos membros do Comité Executivo da Fundación VIDE. Terá un prazo para resolver non superior a un mes a partir do peche de presentación de solicitudes.

As axudas dividiranse en tres tramos (cun total de 35 axudas), a partir dun mínimo de 9 puntos acadados.

Tramo 1: 800 euros a cada un dos dez mellores deportistas segundo a súa puntuación; dende o posto 1 ao 10.

Tramo 2: 600 euros a cada un dos dez seguintes deportistas segundo a súa puntuación; dende o posto 11 ao 20.

Tramo 3: 400 euros a cada un dos quince seguintes deportistas segundo a súa puntuación; dende o posto 21 ao 35.

OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

1a) Responder da veracidade dos datos aportados, baixo a responsabilidade da persoa que subscribe a solicitude.

2a) Destinar a axuda aos fins para os que foi concedida.

3a) Prestar a súa colaboración e imaxe cando se solicite por parte da Fundación VIDE e do Concello de Vigo.

4a) Facer unha axeitada publicidade da Fundación VIDE e do Concello de Vigo durante as competicións ou manifestacións deportivas nas que participe.

O incumprimento dalgún dos anteriores puntos provocará a consecuente anulación desta axuda e o seu reintegro por parte do/a beneficiario/a.

ANEXO I

CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS VIGUESES E VIGUESAS DE
BASE DE MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS TEMPADA 2024/2025
PROGRAMA VIDE EN FUTURO

DATOS DO/DA DEPORTISTA SOLICITANTE

*(CUMPRIMENTAR A ORDENADOR)

Nome e Apelidos			
DNI			
Enderezo			
Teléfono 1		Teléfono 2	
E-mail			
Federación		Nº Licenza	
Entidade Deportiva			
Modalidade Deportiva			

Solicitou a "Axuda para Deportistas VigueSES de Alto Nivel" para a tempada 24/25: SI ☐ NON ☐

E, NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL

Nome e Apelidos			
DNI			
Teléfono 1		Teléfono 2	

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

- ☐ Historial deportivo da tempada 24/25, certificado pola Federación e o Club (ANEXO II).
- ☐ Certificado da Federación correspondente de ter licencia federativa na tempada en vigor.
- ☐ Fotocopia do DNI do/a deportista solicitante e do/a representante legal no caso de menor de idade.
- ☐ Volante de empadramento en Vigo, como mínimo dende o ano 2024.
- ☐ Certificado da titularidade da conta bancaria do/a beneficiario/a para o ingreso do importe da axuda.

Non se aceptará outra documentación que non sexa a requerida.

Declaro que todos os datos que contén esta solicitude e a documentación que se adxunta axústanse á realidade (Anexos I e II).

Data:

Sinatura:

Sinatura do/da representante legal no
caso de menores:

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD.

Responsable do tratamento: Fundación Vigo en Deporte "VIDE"//CIF: G36894020//Enderezo: Rúa Cesáreo González S/N, 36210 Vigo (Pontevedra) // Teléfono: 986247104 //Correo electrónico: vide@vide.es

Finalidade: A xestión para a tramitación das Axudas a Deportistas vigueSES e vigueSES de base de modalidades deportivas individuais.

Lexitimidade: O consentimento

Destinatarios: Non se comunicaran datos a terceiros, agás obriga legal.

Dereitos: Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar perante a Autoridade de Control, tal e como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada a poderá atopar ampliada na información adicional que está ao seu dispor en www.vide.es/clusulas

ANEXO II

CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS VIGUESES E VIGUESAS DE
BASE DE MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS TEMPADA 2024/2025
PROGRAMA VIDE EN FUTURO

Nome e Apelidos:

Deporte:

HISTORIAL DEPORTIVO DA TEMPADA 24/25	
A.CAMPIONATO DO MUNDO/XOGOS OLÍMPICOS (denominación, posto acadado, data e lugar):	
Nº Participantes:	Puntuación segundo os tres criterios: (competición+posto+participación)
B.COPA DO MUNDO OU CIRCUITO OFICIAL MUNDIAL(denominación, posto acadado, data e lugar):	
Nº Participantes:	Puntuación segundo os tres criterios: (competición+posto+participación)
C.CAMPIONATO DE EUROPA(denominación, posto acadado, data e lugar):	
Nº Participantes:	Puntuación segundo os tres criterios: (competición+posto+participación)
D.COPA DE EUROPA OU CIRCUITO OFICIAL EUROPEO(denominación, posto acadado, data e lugar) :	
Nº Participantes:	Puntuación segundo os tres criterios: (competición+posto+participación)
E.CAMPIONATO DE ESPAÑA (denominación, posto acadado, data e lugar):	
Nº Participantes:	Puntuación segundo os tres criterios: (competición+posto+participación)
F.COPA DE ESPAÑA OU CIRCUITO OFICIAL ESPAÑOL(denominación, posto acadado, data e lugar):	
Nº Participantes:	Puntuación segundo os tres criterios: (competición+posto+participación)
PUNTUACIÓN TOTAL (A+B+C+D+E+F)	
Selo e sinatura da Federación	Selo e sinatura do Club